

PREGUNTA DE AER SOBRE O FUNCIONARIO PROGRAMADOR-XESTOR CULTURAL (Rex. Entrada 19.05.2017, 2017-E-RC-7.379).

PLENO 25 DE MAIO DE 2017. ACTA 06/2017

Despois de terse demandado en diversas ocasións e vista a necesidade real existente. Visto que existe traballo dabondo para que exista un posto estable, ou sexa, un funcionario, que se especialice en xestión e programación cultural. Tendo en conta que esta é unha demanda das entidades e asociacións sen ánimo de lucro que programan actividades abertas en Redondela para poder recibir apoio dende o propio concello.

Tendo en conta a importante programación sociocultural propia da administración local. ¿O goberno local ten aberto o proceso para designar un funcionario para labores de xestión e programación cultural tanto das actividades propias do concello, como de apoio na xestión das necesidades das entidades sen ánimo de lucro que programan no territorio do Concello de Redondela?

O Alcalde resposta que é necesario potenciar a área cultural con maior persoal, se poideran contratar persoal estaría potenciado pero as circunstancias actuais non o permiten, pero están cunha idea de restructurar o departamento epersoal, a posibilidade de dotarlle dun auxiliar administrativo para poder ter mellor atendida esa área.